



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 83

XULLO 2013

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo
Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense
Tfno/Fax: 982 245 142 – Correo Electrónico: ovica@ovica.org – Páxina web: www.ovica.org

INCORPORACIÓNS E PLANS DE MELLORA 2013

O pasado venres, 21 de xuño de 2013 (DOGA Nº 118), a Consellería do Medio Rural e do Mar, publicou a Orde do 13 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a modernización das explotacións agrarias, para a incorporación de mozos á actividade agraria e para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común para a mellora dos procesos produtivos en réxime asociativo, para o ano 2013.

A) Plans de Mellora nas Explotacións.

Contía máxima das axudas (% do investimento)	Bens inmoables	Bens mobles	
Agricultores profesionais "Plans de Mellora B"	Zonas desfavorecidas	Ata o 50%	Ata o 30%
	Resto de zonas	Ata o 40%	Ata o 25%
Agricultores non profesionais "Plans de Mellora R"	Zonas desfavorecidas	Ata o 35%	Ata o 15%
	Resto de zonas	Ata o 25%	Ata o 10%

Os investimentos máximos elixibles, en xeral, serán de:

- Persoas físicas ou comunidades de bens: 100.000 €/UTA e 200.000 €/explot.
- Persoas xurídicas: 800.000 €/explot.

As solicitudes cun investimento mínimo inferior ós 6.000 € serán denegadas.

B) Primeira instalación de agricultores mozos

Existen varias modalidades de solicitude desta primeira instalación, en función das características de titularidade, marxe neta, ocupación xerada (UTAs), etc.

Os requisitos xerais son:

- Posuír a capacitación profesional suficiente ou acadala en 2 anos desde a resolución
- Instalarse nunha explotación agraria que requira un volume de traballo equivalente a 1 UTA
- Mantela actividade agraria durante 5 anos desde a solicitude de pagamento
- Ter cumpridos os 18 anos e ser menor de 40 no momento da solicitude
- Outros requisitos (en función da modalidade de solicitude)

A axuda consiste nunha prima por explotación máxima de 20.000 €, e/ou unha bonificación de xuros, por un importe non superior ós 20.000 €, dun préstamo formalizado no marco do convenio entre a Consellería e as entidades financeiras colaboradoras.

Esta contía máxima podería incrementarse nun 10% nalgúns casos concretos.

MOI IMPORTANTE: O prazo para realizar a solicitude remata o **22 de xullo de 2013**

A documentación **mínima** a presentar coa solicitude dentro do prazo é a seguinte:

- Anexo se solicitude con todos os datos
- Memoria do plan de mellora e descrición detallada dos investimentos
- Planos e bosquexos ou proxecto en soporte papel e dixital
- Facturas proforma ou orzamentos cos conceptos debidamente detallados

Para máis información ponte en contacto con OVICA: 982 24 51 42 – 687 778 013



CAIXA RURAL GALEGA

Xa están publicada a Norma Complementaria que regula estas axudas para as incorporacións e plans de mellora de para o ano 2013, pero ficamos á espera de que se modifique e se publique de novo e na que prevemos que xa aparezan aceptadas as propostas que realizou OVICA fai uns meses, en especial as relativas a:

- Idade máxima dos animais subvencionables, que presuntamente quedará nos 3 anos (no 2012 so se subvencionaba a compra de animais menores de 12 meses)
- Censo mínimo por UTA. A proposta de OVICA foi de 149 ovellas e 117 cabras por UTA (no ano 2012 os censos mínimos por UTA eran de 234 ovellas e 117 cabras)

AXUDAS DANOS LOBO

O pasado martes, 2 de xullo de 2013 (DOGA nº 124) a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, publicou a Orde do 19 de xuño de 2013, pola que se establecen as bases reguladoras das **axudas para paliar os danos producidos polo lobo**, para o ano 2013.

Trátase dunha orde de axudas moi esperada, que normalmente sae publicada a principios de ano, posto que comprenden os danos producidos polo lobo desde o 1 de outubro de 2012 ata o 30 de setembro de 2013, polo que xa había moitos danos pendentes desde o outubro pasado.

Os danos ocasionados a partir de 1 de outubro de 2013 estarán amparados polas axudas que se convoquen, de ser o caso, para o ano 2014.

Comunicación do dano e prazo de solicitude

O dano debe comunicarse durante as vinte e catro horas seguintes ó ataque, chamando ó teléfono **012** en horario de 8:00 a 20:00 (de luns a venres) e de 8:00 a 17:30 (os sábados).

Non se moverán os animais mortos nin se manipularán. Os animais feridos sí poderán ser atendidos polo veterinario.

O prazo para presentar a solicitude de axuda é de **un mes** desde a data de produción do dano.

Orzamento e importe da axudas

Os importes das axudas son os que aparecen a continuación, tendo en conta que se poden incrementar nun 30% cando afecte a explotacións dos concellos incluídos na zona 1 do Plan de Xestión do Lobo (que aparecen no Anexo IV da orde de axudas) e sempre condicionados á existencia de crédito orzamentario. No caso de animais feridos a axuda estimarase en función dos gastos veterinarios acreditados, pero co límite máximo do valor do animal morto.

O orzamento para este exercicio 2013 ascende a 116.616 euros (reduciuse en 11.685 euros con respecto a anterior orde de axudas)

Especie	Idade	Custo calidade normal	Custo calidade selecta
Ovino	< 12 meses	58 €	88 €
Ovino	Adulto	102 €	124 €
Ovino	Adulto > 6 anos	26 €	31 €
Caprino	Cabrito < 12 meses	73 €	109 €
Caprino	Adulto	102 €	131 €
Caprino	Adulto > 6 anos	26 €	31 €

COMPRA – VENTA

- Véndese tractor – 664 397 708 – Xunqueira de Ambía (Ourense)
- Véndense cachorros de Border Collie – 628 822 397 – Guitiriz (Lugo)
- Véndense cachorros de mastín – 639 925 690 – Friol (Lugo)
- Véndense 20 ovellas – 981 749 834 – Carballo (A Coruña) – Chamar pola noite
- Véndense 5 ovellas – 629 064 906 – Bóveda (Lugo)



ADSG
ACIVO
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira
de ovino e caprino de Galicia

